Pilar Rojo reunise este mediodía cos voceiros dos tres grupos parlamentarios, aos que lle trasladou a súa intención de seguir aplicando o Regulamento con ecuanimidade e desde unha posición estritamente institucional

A PRESIDENTA DO PARLAMENTO APELA Á RESPONSABILIDADE DOS GRUPOS PARA REBAIXAR A TENSIÓN NA CÁMARA

- **Todas as decisións adoptadas ata o de agora se tomaron de acordo co Regulamento e logo de consultar aos servizos xurídicos do Parlamento**

- **Rojo Noguera apunta que, nun momento de intensa crise económica, os cidadáns reclaman aos deputados que se comportan con responsabilidade e busquen solucións aos problemas de todos**

Santiago, 12 de xuño de 2009.- A presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, no seu papel de árbitro, apelou hoxe á responsabilidade dos grupos políticos para rebaixar a tensión na Cámara, ao tempo que recordou a obriga asumida polos deputados cando tomaron posesión: traballar desde as institucións en defensa dos intereses do conxunto dos galegos. Rojo Noguera reunise este mediodía, por separado, cos voceiros dos tres grupos parlamentarios, nun intento de reconducir a situación creada na Cámara.

Nas reunións, concertadas antonte e celebradas hoxe por ser a data que mellor se axustaba ás axendas dos tres grupos políticos, Pilar Rojo reiterou aos grupos parlamentarios o seu compromiso de exercer a Presidencia do Parlamento, como

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.es

ten feito ata o de agora, con ecuanimidade e de acordo cun perfil estritamente institucional.

O MESMO REGULAMENTO

Insistiu en que todas as decisións adoptadas ata o de agora se tomaron sempre de acordo co regulamento da Cámara –que leva varias lexislaturas en vigor- e logo de consultar aos servizos xurídicos do Parlamento, integrados polos mesmos letrados que na pasada lexislatura.

Subliñou que, dentro do Regulamento, todos os grupos poden facer uso da palabra e instou aos portavoces a manter o decoro, educación e o respecto polos demais durante as sesións parlamentarias. O sucedido estes días no Parlamento deteriora gravemente, a xuízo da Presidenta da Cámara, o crédito da clase política ante os cidadáns.

Pilar Rojo recorda que nun momento de intensa crise económica, os cidadáns reclaman aos políticos que se comporten con responsabilidade e busquen solucións aos problemas de todos.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.es